



CONCELLO DE
TOÉN

IV CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN 2019

O CONCELLO DE TOÉN CONVIDA A TODAS AS PERSOAS QUE DESEXEN PARTICIPAR COAS SÚAS MELLORES FOTOS NO IV CONCURSO FOTOGRÁFICO "CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN 2019"

PARTICIPA COAS TÚAS FOTOGRAFÍAS REPRESENTATIVAS DO NOSO CONCELLO: PATRIMONIO, FESTAS, PAISAXES, COSTUMES...

A FOTO GAÑADORA SERÁ A IMAXE DO CALENDARIO 2019 QUE O CONCELLO DISTRIBÚE TODOS OS ANOS ENTRE A VECIÑANZA

- Envía as túas fotos a concello.toen@eidolocal.es ou depositaas nun sobre no Concello de Toén co teu nome e apelidos, correo electrónico, teléfono de contacto e unha breve descrición da foto (onde foi feita, que representa, etc).
- **O prazo remata o 31 de outubro**
- Bases dispoñibles en www.toen.gal



Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es

**BASES DO IV CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN 2019
(EXP. 284/2018)**

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que o desexen sempre que sexan maiores de idade, ou de ser menores de idade, acheguen unha autorización asinada polos seus pais ou titores.

Non poderán participar os membros da Corporación, os traballadores municipais nin familiares dos anteriores de primeiro grao en liña descendente ou ascendente.

2. TEMÁTICA

As imaxes presentadas deben de ter por temática calquera aspecto relacionado co Concello de Toén (costumes, paisaxe, patrimonio, tradicións, festas ...). Deberase identificar claramente algún elemento que permita recoñecer o Concello de Toén na fotografía.

Todas as fotos deben de acompañarse dunha breve explicación da súa localización e do que representan.

3. PRAZO DE ENTREGA

As imaxes poderán presentarse ata o día 31 de outubro de 2018.

A entrega das fotografías pode facerse tanto en papel como en formato dixital e cun límite máximo de 5 fotografías.

Cando faga a súa entrega deberá indicar os seus datos persoais (nome, apelidos, DNI, enderezo e, no seu caso, autorización dos pais ou titores) e da forma de contacto (teléfono e enderezo electrónico).

As fotos poden entregarse:

- No rexistro xeral do Concello de Toén nun sobre pechado indicando 'IV Concurso fotográfico Calendario Concello de Toén 2019'
- Enviando un correo electrónico ao enderezo concello.toen@eidolocal.es

4. SELECCIÓN DAS OBRAS

Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará as 12 fotografías finalistas de entre as cales elixirá as 3 premiadas. O xurado será o encargado de decidir cantas delas serán as imaxes do calendario 2019 do Concello de Toén, tendo a primeira garantida a súa publicación.

Os seus autores serán notificados con anterioridade a súa publicación.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Ningún participante poderá se premiado por máis dunha fotografía que presente ao concurso.

5. PREMIOS



CONCELLO DE TOÉN

As tres mellores fotografías serán premiadas cun vale para a adquisición de material fotográfico ou informático, que terá que ser trocado antes do día 01/02/2019, polos seguintes importes: 1º premio 80,00 € e 2º e 3º premio 60,00 €.

6. OBXETIVO E PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

O obxectivo é elixir a/as imaxe/s para o calendario 2019 do Concello de Toén. Ademais todas as fotografías que se presenten ao concurso poderán ser empregadas para exposicións culturais que organice o Concello de Toén.

7. DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS

A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte dos concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras fotográficas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. Os participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.